

SUBVENCIONS A PROXECTOS DE PROMOCION E DINAMIZACION DO XACOBEO 2021/22 DENTRO DO PROGRAMA “O TEU XACOBEO”

AXENCIA TURISMO DE GALICIA.

OBXECTO

Esta resolución ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria anual, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a proxectos de promoción e dinamización con motivo da conmemoración do Ano Santo Xacobeo 21-22 que se celebren entre o 1 de maio e o 31 de outubro de 2022, co obxectivo principal de colaborar na programación sociocultural do Xacobeo 21-22 para a promoción e potenciación de Galicia, así como para o reforzo á dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia Comunidade Autónoma.

BENEFICIARIOS/AS

As subvencións obxecto destas bases divídense en dúas categorías ou liñas, en atención ás entidades solicitantes:

Liña 1: Persoas físicas (traballadores autónomos) e persoas xurídicas constituídas baixo forma mercantil ou civil e as comunidades de bens que están comprendidas na definición de pequena e mediana empresa (peme). Así mesmo, poderán presentar solicitudes agrupacións de persoas físicas e/ou xurídicas.

Liña 2: Entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro. Así mesmo, poderán presentar solicitudes agrupacións de entidades sen ánimo de lucro.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 17/03 ao 18/04/2022

MAIS INFORMACIÓN

DOG nº 52 de 16 de marzo de 2022.

Resolución do 10 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 dentro do programa O teu Xacobeo, e se convocan para o ano 2022 **(código de procedemento TU300A).**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220316/AnuncioG0256-110322-0001_es.html